

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Dramaturxia
DISCIPLINA	DRAMATURXIA I
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Escenografía
CURSO	3º
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Afonso Becerra
DOCENTES	Nome e apelidos: Joan Giralt-Bailach Horario titorías: Despacho: Dirección escénica e dramaturxia Contacto: joangiraltbailach@edu.xunta.gal
DESCRIPCIÓN	Principios xerais de dramaturxia. Análise das diversas formas de espectáculo (incluído o espectáculo audiovisual). Análise da estrutura dramática e das convencións que operan nunha obra ou espectáculo, a acción, o xénero, a caracterización, o ritmo, así como as implicacións de elementos da produción tales como o vestuario, a escenografía ou a iluminación. Principios de análise e creación de personaxes.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.

X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

EE5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
EE6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA

COMPETENCIAS VINCULADAS

1. Definir e aclarar que é a dramaturxia e cales son os seus ámbitos específicos.	T2. X7. X8. EE5. EE6.
2. Deslindar e definir a terminoloxía fundamental dramatúrxica.	T13. X3. X8. EE5. EE6.
3. Coñecer os elementos principais que configuran a linguaxe escénica e que determinan as elaboracións e procesos dramatúrxicos.	T1. T4. X3. X7. EE5. EE6.
4. Analizar as relacións entre dramaturxia, espectáculo e recepción no teatro e audiovisual.	T1. T4. X3. X7. EE5. EE6.
5. Coñecer os piares sobre os que se asenta o modelo dramático de base aristotélica.	T4. X3. X8. EE5. EE6.
6. Iniciarse no adestramento e dominio dos modos básicos de análise e composición dramatúrxica desde a perspectiva textual e escénica.	T2. T3. T7. T8. T13. X3. X5. X8. EE5. EE6.

4. CONTIDOS

TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Introducción ao traballo das accións (a dramaturxia).	1.1 Definición, conceptos e disciplina. 1.2 Orixes e funcións.	2
2. Teatralidade e performatividade.	2.1 A forma dramática e o devir escénico. 2.2 Textualidade e práctica escénica. 2.3 Ficcionalidade e realidade. Factualidade e virtualidade. 2.4 Sistemas formais. 2.5 Os modelos paradigmáticos do dramático e do performativo ou posdramático.	2
3. Análise dramatúrxica e posta en xogo das estruturas ficcionais. (Tema transversal)	3.1 Textualidade e situación de enunciación. 3.2 Discurso temático e trama. Hipóteses de lectura. 3.3 Estructuras narrativas e convencións dramáticas. 3.4 Retórica dos actantes e accesibilidade referencial. 3.5 Estructuras ideolóxicas e libidinais. Lugares de indeterminación. Interpelacións ao receptor.	15

4. A acción dramática.	4.1 Definición e procedimentos de análise. 4.2 Tipoloxía: acción de conxunto; acción de detalle e microaccións. 4.3 Secuenciación e principio organizador. 4.4 Situación dramática. 4.5 Análise actancial.	4
5. A estrutura dramática	5.1 Historia e discurso. 5.2 Procedimentos de análise da fábula e da trama. Secuenciación. 5.3 Procesos de selección na composición: coherencia, lóxica, probabilidade e necesidade.	4
6. A composición do personaxe	6.1 Composición, descomposición e recomposición. 6.2 Tipoloxía e funcións. 6.3 A voz e o discurso do personaxe. Figuras textuais. 6.4 Relacións espaciotemporais.	10
7. Configuración temporal	7.1 Tempo da historia e do discurso. 7.2 Temporalidade vivida e temporalidade ficcional. 7.3 Secuencias temporais. Continuidade e fragmentación. 7.4 Ritmo global e ritmos específicos.	4
8. Configuración espacial	8.1 Espazo da historia e do discurso. 8.2 A (re)presentación do espazo: dramático; escénico; textual; xestual; sonoro; escenográfico. 8.3 Interaccións co obxecto escénico, personaxe, luz e son. 8.4 Relacións co tempo e a acción.	4
TOTAL SESIÓN		45 h

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	2		2
Exposición maxistral	5	10	25
Exposición práctico-teórica	15	10	25
Práctica individual	15	15	30
Práctica colectiva	8		
Titorías individuais	3		
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras		7	7
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	48 h	42 h	90 h
PORCENTAXE	53%	47%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
-------------	------------

Exposición maxistral introdutoria sobre a disciplina da dramaturxia.	Definición dos termos básicos da disciplina. Explicación da etimoloxía, as orixes, as funcións e atribucións profesionais. Exposición dun percorrido histórico polos fitos da dramaturxia, tanto no relativo ao exercicio profesional e artístico como a súa evolución teórica. Exposición das funcións.	
Exposición práctico-teórica.	Exposición de contidos con exemplos e exercicios prácticos e posterior reflexión dos elementos traballados.	
Práctica de análise dramática dun texto dramático.	Análise dos constituíntes dunha peza dramática. Análise das estruturas discursivas, narrativas, actanciais e ideolóxicas.	
Práctica de composición dramática e escénica	Posta en xogo dos elementos dramáticos e escénicos a partir da análise dramática e da hipótese de lectura.	
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Seguimento	Farase un seguimento personalizado, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do modo máis axeitado.	
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso.	
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Seguimento diario.	T1. T4. T7. X7. X8. T8. EE6	10%
Exercicios parciais de análise.	T3. T8. X3. EE5	20%
Exercicios parciais de deseño e composición dramática.	T3. T8. X5. EE5.	20%
Exercicio final de análise e composición dramáticas da peza dramática pactada co docente. Presentación do Caderno de dramaturxia.	T1. T2. T3. T4. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EE5. EE6.	50%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Exame con exercicios parciais de análise e composición dramáticas.	T3. T8. X3. X5. EE5.	50%
Exercicio final de análise e composición dramática da peza dramática pactada co docente. Presentación do Caderno de dramaturxia.	T1. T2. T3. T4. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EE5. EE6.	50%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Exame con exercicios parciais de análise e composición dramáticas. Proba escrita.	T3. T8. X3. X5. EE5.	60%

Exercicio final de análise e composición dramaturxica dunha peza dramática pactada co docente. Presentación do Caderno de dramaturxia.	T1. T2. T3. T4. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EE5. EE6.	40%
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------	-----

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

Becerra de Becerreá, Afonso (2007): *Dramaturxia. Teoría e práctica*, Vigo, Galaxia.

Danan, Joseph [2010] (2012): *O que é a dramaturgia?*, Editora Licorne.

Lavandier, Yves (2003): *La dramaturgia. Los mecanismos del relato: cine, teatro, ópera, radio, televisión, cómic*, Madrid, Ediciones Internacionales Universitarias S.A.

Pavis, Patrice (2002): "Tesis para el análisis del texto dramático", GESTOS, 33, abril, pp. 9-34.

Vinaver, Michel [1993] (2015): "Método para abordar el texto teatral" en VV.AA.: *Antología de teorías teatrales. El aporte reciente de la investigación en Francia*, Bilbao, Artezblai.

Referencias complementarias

Benhamou, Anne-Françoise (2012): *Dramaturgies de plateau*, Besançon, Les Solitaires Intempestifs.

Pavis, Patrice (2002): *Le théâtre contemporaine. Analyse des textes de Sarraute à Vinaver*, Paris, Armand Colin.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

ACTIVIDADE 1: Seguimento telemático

Competencias: T1. T4. T7. X7. X8. T8. EE6

Ponderación: 10%

ACTIVIDADE 2: Presentación do cartafol dos exercicios parciais de análise e composición dramaturxicas.

Competencias: T3. T8. X3. X5. EE5.

Ponderación: 40%

ACTIVIDADE 3: Presentación do caderno de dramaturxia: Análise dramaturxica e proposta de composición (ou posta en xogo) da peza dramática acordada co profesor.

Competencias: T1. T2. T3. T4. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EE5. EE6.

Ponderación: 50%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).